

5^a

Convivencia formativa de irmáns e cuñados/as

“A-polo encontro estatal!”

29 de outubro de 2022. Hospedería de San Martín Pinarío
Santiago de Compostela



FADEMGA



Plena
inclusión
Galicia

INFORMACIÓN SOBRE A CONVIVENCIA

ONDE [Hospedería de San Martín Pinarío](#) en Santiago de Compostela.

CANDO Sábado 29 de outubro de 2022.

QUE IMOS FACER Unha *Convivencia Formativa* dun día dirixida a irmáns e cuñados de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

SOBRE QUE Estamos organizando en Galicia o próximo Encontro Estatal de Irmáns e Cuñados do movemento asociativo de Plena inclusión, que terá lugar no mes de novembro. Imos aproveitar a convivencia para preparar os contidos principais e as dinámicas deste encontro. Para todo isto contaremos coa axuda do experto-dinamizador Brais Fernández.

OBXECTIVO DO FORO Formar aos asistentes para que se sintan seguros e preparados para presentar os contidos deste Encontro e participar nas dinámicas.

IMPORTANTE Os asistentes a esta convivencia teñen que comprometerse a participar no Encontro Estatal de Irmáns e Cuñados/as que terá lugar en novembro.

Nº DE PRAZAS 15 persoas como máximo. Teñen prioridade os irmáns e cuñados de persoas con discapacidade intelectual que participen en grupos de irmáns nas súas asociacións ou na Federación.

COTA DE INSCRICIÓN Gratuíta. Non hai que pagar cota, pois os irmáns e cuñados/as que asistan a esta Convivencia terán que implicarse de cheo na organización do Encontro Estatal de Irmáns e Cuñados/as.

PASOS PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

SE QUERO ASISTIR, QUE FAGO? Ir á miña asociación, cubrir a preinscrición cos meus datos e asinala. A asociación enviará a preinscrición asinada ao correo electrónico familias@fademga.org

PRE-INSCRICIÓN Cada persoa interesada cubrirá e asinará unha ficha de pre-inscrición. Non admitiremos preinscricións presentadas noutros formatos.

COMIDAS Os asistentes sinalarán na preinscrición se precisan dieta especial (celíaca, sen sal...)

PRAZOS

Envío da pre-inscrición. Ata o 14 de outubro.

Confirmación das prazas. O 17 de outubro confirmaremos as prazas ás persoas interesadas.

Baixas. Rogamos comunicar as baixas como moi tarde o **18 de outubro**, para que poidamos ter tempo de admitir a persoas que puidesen quedar en lista de espera.

PROGRAMA DA CONVIVENCIA

Sábado, 29 de outubro, de 2022

Mañá

10:00 Benvida, que imos facer nesta convivencia?

10:30 Temas principais do Encontro Estatal de Irmáns de novembro.

11:30 Café.

12:00 Definindo os contidos dos Cafés do Fin do Mundo.

Como inflúe o deseño da contorna nas nosas vidas?

Que podemos facer para ter organizacións máis centradas nas persoas e as familias?

Que podemos facer para conseguir comunidades máis inclusivas?

Que podemos facer para evitar a soidade e o illamento?

Como poden influír as novas tecnoloxías nos nosos servizos?

14:00 Xantar.

Tarde

15:30 A práctica, Como presentamos os contidos e dinamizamos o debate?.

17:30 Café.

18:00 Aclaración de dúbidas e avaliación da xornada.

20:00 Fin da xornada



FADEMGA



**Plena
inclusión**

Galicia

